



ACTA DE ACORDO ENTRE OS REPRESENTANTES DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O COMITÉ DE FOLGA DOS PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA (PACS), AS ORGANIZACIÓN SINDICAIS CIG, CCOO, UGT, CSIF O'MEGA E CESM, PARA A RESOLUCIÓN DO CONFLITO XURDIDO LOGO DA CONVOCATORIA DE FOLGA NOS PACS.

Asistentes:

Pola Administración:

Margarita Prado Vaamonde.- Directora xeral de Recursos Humanos.
Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Persoal e Réxime Retributivo.
Mª José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico
Javier García Caeiro.- Xefe de Servizo de Relacións Laborais.
Alberto López Suárez.- Técnico da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico

Polas organizacións sindicais e polo Comité de Folga:

Mª Xosé Abuín Álvarez (CIG)
Manuel González Moreira (CIG / Comité de Folga)
Antonio Otero Peña (CESM / Comité de Folga)
Secundino J. Barreiro Balseiros (O'MEGA / Comité de Folga)
Emilia Lamas Seoane (CCOO / Comité de Folga)
Carlos Cancela Rodríguez (UGT / Comité de Folga)
Daniel Otero Castiñeira (CSI-F / Comité de Folga)
Manuel Luis da Costa Moure (Comité de Folga)
Daniel de Bernardo Roca (Comité de Folga)
María Jesús Torre Almón (Comité de Folga)
Roberto Carlos Martín Dopico (Comité de Folga)
Ana Belén Puga Bello (Comité de Folga)
Ana Isabel Boedo Arcos (Comité de Folga)

En Santiago de Compostela, as 10 horas do día 17 de xullo de 2019, na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde reúnense as persoas á marxe relacionadas, tras o correspondente proceso de negociación, logo das sesións celebradas en Mesa Sectorial o 16, 23, 30 de novembro de 2018, o 13, 18 de febreiro, e 26 de abril de 2019, e das reunións co Comité de Folga o 29 de xaneiro, 5 de febreiro, 5 e 23 de abril de 2019, en materia de condicións de traballo dos profesionais dos puntos de atención continuada do Servizo Galego de Saúde, as partes acadan o seguinte

ACORDO

1.- Indemnización por manutención.

O Decreto 172/1995, do 18 de maio, polo que se aproba o Plan de Urgencias Extrahospitalarias da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 156/2005, do 9 de xuño (DOG nº 112, do 13 de xuño), dispuxo que o horario de apertura e funcionamento dos PAC, abarcará "desde as 15 horas ata as 8 horas do día seguinte, en



Handwritten signatures and notes on the left margin, including names like 'Boreto' and 'CIG'.

Handwritten signature on the right margin.

Handwritten signatures at the bottom, including 'CCOO'.



días laborais, sen prexuízo da modalidade asistencial que na actualidade rexe para o sábado, e as 24 horas do día, os domingos e festivos".

Considerando o horario de funcionamento dos PACs antes exposto, acórdase abonar dúas dietas de manutención na contía do acordo 2008-2012, nos supostos de prestación de servizos de 24 horas.

2- Dotación de equipos de protección individual aos profesionais dos PACs.

No ano 2019 dotarase de EPIs cunha imaxe corporativa única, seguindo as directrices do estudo por parte dos Servizos de Prevención en Riscos Laborais das características do posto de traballo, tanto no PAC como nas saídas a vía pública (calzado de seguridade, pantalóns, parkas, cascos...) para cada profesional, incluíndo unha dotación dispoñible en cada PAC, en número suficiente dependendo das características do PAC e de equipos completos para persoal temporal.

Así mesmo, no mesmo prazo do apartado anterior, dotarase a cada traballador do número de uniformes necesarios correspondentes a súa categoría; de tal xeito, que se garanta a existencia dun uniforme limpo mentres roten polo circuíto de recollida- lavado e hixienización-distribución de roupa.

3.- Indicador de derivación hospitalaria recollido nos ADXs.

As Xerencias, deberán negociar e acordar cos servizos, na anualidade previa a súa entrada en vigor, os indicadores de calidade, de actividade e de resultados a incluír no ADX do servizo.





Bonito
2019

Eliminarase desde o ano 2019, o indicador actual de derivación hospitalaria nos PACs, que será substituído por outro/s indicador/es que serán consensuados cos traballadores.

Garantirase na negociación dos indicadores do referido ADXs a participación dos profesionais do PAC.

[Handwritten signature]

4.- Dotación de persoal.

O Decreto 172/1995, do 18 de maio, polo que se aproba o Plan de Urgencias Extrahospitalarias da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm.121 do 26 de xuño), establece no seu artigo 5.1. que os PAC contarán cun mínimo de persoal facultativo, de enfermaría e persoal non sanitario de apoio, que virá determinado en función do ratio de poboación a atender, e que posibilite que, como regra xeral, cada facultativo non supere unha presión media de 30 urxencias por garda.

[Handwritten signature]

A Administración, previa revisión dos plans funcionais, comprométese a facer un estudo no ano en curso do aumento de carga asistencial, tendo en conta así mesmo a distancia ao Hospital para desprazamentos nos traslados co persoal do PAC, a dispersión, o número de mobilizacións polo 061 e a distribución etaria, para crear as prazas necesarias, en función das dispoñibilidades presupostarias para poder realizar una adecuada asistencia de calidade nos PACs.

[Handwritten signature]

Os plans funcionais serán obxecto de revisión anual, conforme ao procedemento establecido na Orde do 4 de xuño de 2008 (DOG Núm. 115 do 16 de xuño).

VG
[Handwritten signature]

Así mesmo, nos casos de eventos especiais onde se produzan incrementos de actividade previsible (festas, eventos deportivos, verán nas zonas turísticas...) a Administración

[Handwritten signature]



[Handwritten signature]



comprométese a reforzar o PAC eses días nas categorías de médica/o de familia e enfermeira/o que resulten precisos.

5.- Equipos completos.

O Servizo Galego de Saúde comprométese a facer un estudo no ano en curso para solventar o déficit de persoal de enfermaría priorizando inicialmente naqueles PAC onde exista un único efectivo de enfermaría habendo dous ou máis médicos, coa finalidade de crear no ano 2020 as prazas necesarias, en función das dispoñibilidades presupostarias.

6. Complementos de nocturnidade e festividade.

En función das dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I do Servizo Galego de Saúde, e dacordo co previsto nas disposicións legais que resulten de aplicación en materia retributiva e orzamentaria, procederase ao incremento do concepto atención continuada (nocturnidade e festividade) que perciben as/os médicas/os de familia e o persoal de enfermaría dos PAC ata acadar os valores actualizados correspondentes ao dito complemento para o persoal médico de urxencias hospitalarias e de enfermería conforme o recollido nos Anexos XI e XIV respectivamente da Orde de confección de nóminas do 1 de xullo de 2019. Dito incremento distribuirase nunha porcentaxe do 80% no ano 2020 e do 20% no ano 2021 (100% da contía a partires do ano 2021)."

7. Convocatoria de reunión fora do horario de traballo.

Cando as xerencias realicen convocatoria de reunión, aos profesionais de PAC fora da súa xornada, o tempo de reunión será computado como xornada efectiva.





Dado que non se chegou a un acordo sobre o cómputo de xornada, o Comité de Folga decide retirar o punto 7 da taboa reivindicativa, en aras de acadar melloras nos restantes puntos.

No segundo semestre do ano 2019, reunírase a Comisión de seguimento creada ao abeiro do artigo 9 do acordo sobre ordenación e condicións de traballo do persoal médico e diplomado en enfermaría dos puntos de atención continuada, publicado por orde do 4 de xuño de 2008.

As organizacións sindicais CIG, CESH, O'MEGA, CCOO, UGT, e CSIF, de conformidade co comité de folga, proceden neste acto á desconvocatoria da folga convocada con carácter indefinido desde o día 7 de xaneiro de 2019, no ámbito da Atención Primaria nos Puntos de Atención Continuada.

Polo Comité de Folga:

Manuel de Azevedo
DNI 327920841

Polas organizacións sindicais:

CIG

CCOO

CESH

O'MEGA

UGT

CSIF

Barreiro
353122835

Pola Administración:

